

BASES DO CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN "CAMPUS TEA NADAL 2019"

Artigo 1.- PROXECTO.

O Campus Tea Nadal é unha oferta formativa, que tendo como fin principal a conciliación familiar coa laboral, fomenta a atención á infancia e xuventude, a xestión social do noso patrimonio e medioambiente e a dinamización cultural.

Cunha programación que combina o xogo, as saídas didácticas, con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

Artigo 2.- DESTINATARIOS.

O Campus Tea Nadal está dirixido a menores de 3 a 12 anos escolarizados, das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, preferentemente empadroados no Concello de Ponteareas.

Artigo 3.- LUGAR, DATAS, HORARIO E Nº DE PRAZAS DO "CAMPUS TEA NADAL 2019".

O Campus Tea Nadal terá lugar nas Instalacións do CEIP "Nosa Señora dos Remedios" de Ponteareas.

- MES DE DECEMBRO/XANEIRO:

- **QUENDA:** días laborais comprendidos **entre o 23 de decembro de 2019 e o 7 de Xaneiro de 2020**, ámbolos dous incluídos.

Horario : De Luns a Venres, das 9:00 h ás 14:00h.

Nº Máximo de Prazas: 100. Reserva de dúas destas prazas para o alumnado NEAE.

Deberá ter un número mínimo de 25 Participantes para realizarse.



Artigo 4- PREZO PÚBLICO DO CAMPUS TEA NADAL 2019.

	CRITERIOS	IMPORTE A PAGAR
PARTICIPANTES "CAMPUS TEA NADAL 2019"	Inscripción Xeral Nadal (Participante)	30 €

Artigo 5.- PREINSCRIPCIÓN PRAZO, DOCUMENTACIÓN E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

- **Prazo de Preinscrición: Do 05 ao 22 de Novembro de 2019.**
As bases e o impreso (Anexo I), de Preinscrición do Campus Tea Nadal poderán obterse:
 - No Departamento de Ensino do Concello de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14 h.
 - Na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal/servizos/ensino/campus-tea>

- **Documentación:**
 - Impreso de Preinscrición (ANEXO I) debidamente cumprimentado.
 - Certificado de empadramento para os/as menores que non están censados no Concello de Ponteareas (Aos/as menores empadroados/as no Concello de Ponteareas, faráselle a comprobación de oficio).
 - Certificado de discapacidade e/ou con necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), se procede.
 - Certificado que acredite a actividade laboral do/s proxenitor/es ou titor/es.
 - Certificado de matrícula escolar ou documento que acredite o enderezo onde radica o lugar de traballo do pai/nai ou titor/a do usuario/a (no caso de familias con menores non empadroados/as no Concello de Ponteareas).

- **Lugar de Acheга de Preinscrición.**
 - Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas. En días laborais a partir das 9:00 h (Débese consultar o horario de peche segundo as datas).



- Sede Electrónica (Trámites destacados-Instancia Xeral).

Artigo 6.-BAREMO DE PRIORIDADE PARA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS AS FAMILIAS.

- 1 Familias con menores empadroados no Concello de Ponteareas, afectados dalgún tipo de discapacidade e/ou con necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Reserva de 2 Prazas no Campus Nadal.
- 2 Familias con menores empadroados no Concello de Ponteareas con ambos proxenitores ou titores/as con ocupación laboral.
- 3 Familias con menores empadroados no Concello de Ponteareas con algún dos proxenitores ou titores/as con ocupación laboral.
- 4 Familias con menores que non estando empadroados no Concello de Ponteareas, están matriculados/as nun centro educativo de Ponteareas e/ou con algún dos proxenitores ou titor/es con ocupación laboral no termo municipal.
- 5 Familias con menores non empadroados no Concello de Ponteareas nin cos proxenitores nin titor/es traballando no municipio.

Unha vez que termine o prazo de preinscrición, as solicitudes, clasificaranse en grupos segundo os criterios arriba establecidos, e elaboraranse unha listaxe provisional que será publicada para o seu coñecemento e posibles reclamacións.

Artigo 7.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles, estarán admitidas todas as solicitudes. Deberá ter un número mínimo de 25 Participantes para realizarse.

Se houbera un número maior de solicitudes para a quenda, iranse cubrindo as prazas dándolle prioridade ás familias segundo os criterios establecidos no artigo 6 das presentes bases, ata cubrir o número total de prazas. No caso de empate iránse cubrindo as prazas por estricte orde de presentación no Rexistro de entrada do Concello de Ponteareas ou na Sede Electrónica.



Artigo 8- RESERVA PRAZAS DISCAPACIDADE E/OU NECESIDADES ESPECIFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE).

Reservaranse:

- 2 prazas para favorecer a incorporación de menores afectados dalgún tipo de discapacidade e/ou necesidades específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Se houbera un número maior de solicitudes para as prazas reservadas, estas iranse cubrindo por estricta orde de presentación no Rexistro de entrada do Concello de Ponteareas ou na Sede Electrónica.

Artigo 9- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS.

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a listaxe provisional de admitido/as nos taboleiros do Concello de Ponteareas e na web do Concello <https://ponteareas.gal/servizos/ensino/campus-tea> , o día 27 de novembro.

Artigo 10- RECLAMACIÓNS , FORMA, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

10.1.-Forma:

Faranse mediante a presentación do Impreso de Reclamación (ANEXO II), que poderá obterse de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h., na Oficina do Departamento de Ensino, no andar baixo ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou ben directamente na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal/servizos/ensino/campus-tea> .


10.2.-Prazo de Presentación: do 28 ao 29 novembro.

10.3.- Lugar de Presentación:

- Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas. En días laborais a partir das 9:00 h (Débese consultar o horario de peche segundo as datas).
- Sede Electrónica (Trámites destacados-Instancia Xeral).

Artigo 11.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS.

Publicarase a listaxe definitiva o día 5 de Decembro nos taboleiros do



Concello de Ponteareas e na páxina web do Concello <https://ponteareas.gal/servizos/ensino/campus-tea>.

Artigo 12.- PRAZO DE INSCRICIÓN, ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN E ABONO DA COTA.

Unha vez comprobada a lista definitiva, as persoas que figuren como admitidos/as, deberán formalizar a Inscripción entregando a documentación solicitada no Prazo e Lugar según o establecido a continuación:

12.1.- Prazo Formalización de Inscripción: Do 9 ao 13 de Decembro.

12.2.- Documentación:

- Copia da Tarxeta Sanitaria do/da menor.
- Foto tamaño carné do/da menor.
- DNI/NIE do pai, nai ou titor legal do/da menor.
- Carta de Pago da Taxa do Campamento Nadal 2019 aboada.

12.3.- Lugar de Achega de Documentación:

- Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas. En días laborais a partir das 9:00 h (Débese consultar o horario de peche segundo as datas).
- Sede Electrónica (Trámites destacados-Instancia Xeral).

12.4.- Abono da Cota e Prazo:

- Taxa de Inscripción, deberán aboar de forma anticipada antes do día 13 de decembro o Prezo Público correspondente a praza adxudicada (lista definitiva).
- A Carta de Pago da Taxa de Inscripción do Campus Nadal 2019 poderá obterse, no Departamento de Rendas do Concello de Ponteareas.

Artigo 13.-VACANTES.

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fora do prazo establecido ou por renuncia á praza adxudicada, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listaxes de agarda.

Os solicitantes serán avisados telefónicamente de Luns a Venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h, se a terceira chamada que quedará rexistrada nunha listaxe, non hai resposta, pasarase ao seguinte da lista de agarda.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requerida nun prazo máximo de 48 horas, de



non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de agarda.

Artigo 14.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DA COTA.

No caso de que, por algún motivo xustificando, houberse que renunciar á praza, comunicaráselle por escrito á Concellería de Ensino.

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por causa de forza maior, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada antes das 48 horas do inicio da actividade.

Artigo 15.- COMPROMISO ACEPTACIÓN.

A inscrición nesta actividade supón o compromiso de aceptación destas normas.

A Concelleira de Ensino,
M. Cristina Fernández Davila

